



**RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA
POLA QUE SE MODIFICA A DO 13 DE XULLO DE 2023 E SE PROCEDE Á COBERTURA
DE UNHA (1) PRAZA VACANTE MEDIANTE LISTA DE RESERVA NA MODALIDADE DE
OURIZO A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO
TERRITORIAL DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXIA.**

ANTECEDENTES:

1. O 02.03.2023 por Resolución da Conselleira do Mar aprobouse o plan de xestión de marisqueo de nova incorporación para a conservación e explotación de ourizo na modalidade de a pé para o 2023 e 2024 presentado pola confraría de pescadores de Muxía (PE410A 2022/1-1). De conformidade co expediente de aprobación deste plan adóptase que o número máximo de participantes sexa dez (10) permisos
2. Por resolución do 04.04.2023 desta xefatura territorial convocouse proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de ourizo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Muxía. Neste proceso convocáronse as dez (10) prazas sinaladas anteriormente, nove (9) a través dunha quenda xeral e unha (1) por quenda especial, dirixida para aquelas persoas que se atopen en circunstancias socioeconómicas de especial necesidade.
3. Por resolución do 12.05.2023 da xefa territorial da Consellería do Mar da Coruña, publicouse a listaxe provisional das puntuacións obtidas polas persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo e as persoas excluídas do proceso.
4. O 02.06.2023 a xefatura territorial da Consellería do Mar da Coruña emite comunicación relativa á celebración dun sorteo para dirimir o empate entre seis (6) persoas candidatas do listado provisional de admitidos/as para a cobertura dúas (2) das dez (10) prazas convocadas no proceso selectivo. O sorteo celebrouse o 12.06.2023 na xefatura territorial da Consellería do Mar da Coruña, mediante o cal quedou establecida a orde de prelación das persoas aspirantes empatadas para a obtención do permiso de explotación de acordo coa acta levantada da realización de dito sorteo.
3. O 13.06.2023, esta xefatura territorial emitiu resolución pola que se publicaba a listaxe de persoas aspirantes seleccionadas no antedito proceso selectivo e se abriu o prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da dita resolución, para a presentación de documentación.





6. O 21.07.2023 chega á xefatura territorial un escrito de renuncia de unha das persoas que están na listaxe definitiva publicada por resolución do 13.06.2023, que pasa a declararse desistida do proceso na presente resolución.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, determina na Sección 1ª do Capítulo II, o procedemento para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos, entre os que figura o ourizo.

2. Esta Orde do 30 de decembro de 2015, recolle no seu artigo 15:

"A relación definitiva de persoas non seleccionadas durante o proceso selectivo para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos constituirá unha lista de reserva. Esta lista terá unha vixencia de un (1) ano a contar desde o día seguinte á data da resolución definitiva da xefatura territorial".

3. A resolución 13.06.2023 da xefatura territorial pola que se publicaba listaxe de persoas aspirantes seleccionadas no proceso selectivo establece no seu apartado 4º que:

"As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude.

Nesta suposto, emitirase unha nova resolución modificando esta, consonte aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/as persoa/as que figuren na lista de reserva polo desistimento das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos"

4. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira modificada polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

De acordo con todo o anterior, e co disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG nº 84, do 1 de maio de 2009), polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia e no Decreto 177/2016 (DOG nº 239, do 16 de decembro de 2016), polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,





RESOLVE:

1º. Declara desistida da súa solicitude, en relación á resolución do 13.06.2023 desta xefatura territorial pola que se publica a listaxe de persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de ourizo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Muxía, á persoa que se indica a continuación.

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.
PÉREZ	PÉREZ	DARÍO	* * * 6575 * *

2º. Proceder á cobertura de unha (1) praza vacante na modalidade de ourizo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Muxía mediante o emprego da lista de reserva resultante do proceso selectivo rematado por resolución do 13.06.2023. A listaxe coa persoa aspirante seleccionada e non seleccionadas ven recollido no anexo desta resolución.

3º. As persoas aspirantes seleccionadas disporán dun prazo de quince (15) días hábiles, a contar a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución, para achegar a documentación que figura na base 3.2 do anexo A da convocatoria, que a continuación se relaciona. Esta documentación presentarse no rexistro da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) Certificado de estar empadroada nun municipio do litoral de Galicia. Esta documentación non será necesaria que se presente no caso de consentimento expreso da persoa para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.
- b) Certificado da Seguridade Social de non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. As persoas perceptoras da renda de integración social deberán renunciar a ela. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.
- c) Documentación acreditativa de non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude.



Neste suposto, emitirase unha nova resolución modificando esta, consonte aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/as persoa/s que figuren na lista de reserva polo desistimento das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos.

4º Para obter o permiso de explotación de marisqueo a pé na modalidade de poliquetos, a persoa seleccionada deberá:

- a) Estar en posesión do certificado profesional correspondente.
- b) Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.
- c) Non ser armador/a dunha embarcación que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu permiso de explotación.
- d) Non ter acreditación de tripulante habilitado para a explotación de percebe nunha embarcación.

5º. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial da Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Muxía.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura dixital)

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



I.- MUXÍA.- RELACION DE PERSOAS ADMITIDAS SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS NO PROCEDEMENTO PARA OBTEN O PERMISO DE EXPLOTACION DE OURIZO A PÉ

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	PUNTOS	1	2A	2B	3A	3B	3C	4
VILELA	FERRÍO	AMADOR	***1973**	4,15	0,00	0,00	0,15	2,00	0,00	0,00	2,00
LISTA DE RESERVA											
CARBALLO	PEQUEÑO	JOSÉ IGNACIO	***3088**	4,15	0,00	0,00	0,15	2,00	0,00	0,00	2,00
VILELA	LAGO	GERARDO	***1420**	4,15	0,00	2,00	0,15	2,00	0,00	0,00	2,00
VAZQUEZ	ROMAR	ALEXANDRA	***1845**	4,15	0,00	0,00	0,15	2,00	0,00	0,00	2,00
BUA	TOBA	JUAN LUIS	***0705**	4,00	0,00	0,00	0,00	2,00	0,00	0,00	2,00
HAZ	REY	CARLOS	***7016**	4,00	0,00	0,00	0,00	2,00	0,00	0,00	2,00
RODRÍGUEZ	PÉREZ	JOSÉ	***2521**	4,00	0,00	0,00	0,00	2,00	0,00	0,00	2,00
BLANCO	TOBA	JOSÉ LUIS	***6022**	4,00	0,00	0,00	0,00	2,00	0,00	0,00	2,00
PAPIN	TRABA	MIGUEL ÁNGEL	***3522**	3,25	0,00	0,00	0,25	1,00	0,00	0,00	2,00
SAR	PARGA	ANA ISABEL	***6982**	3,15	0,00	0,00	0,15	1,00	0,00	0,00	2,00
TOBA	VILELA	VALENTÍN	***5800**	3,15	0,00	0,00	0,15	1,00	0,00	0,00	2,00
VIEITES	FERRÍO	ABELARDO	***6087**	2,00	0,00	0,00	0,00	2,00	0,00	0,00	0,00

Os epígrafes de cada columna son:

- **PUNTOS** acadados en total.
- **PARO:** tempo transcorrido como desempregado/a, sempre que na actualidade sexa demandante de emprego, non en mellora de emprego: 0,25 puntos/mes durante un máximo de 1 ano inmediatamente anterior á convocatoria (**puntuación máxima 3 puntos**).

- **FORMACIÓN:**
- **2A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas):** Valoración das actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas anexo á Resolución do 4 de abril de 2023 da xefa territorial da consellería do Mar na Coruña pola que se convoca o proceso selectivo.

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



- **2B TITULACIÓN ACADÉMICA:** Graduado en ESO ou equivalente: 0,15 puntos; Bacharel ou equivalente: 0,25 puntos; Diplomado universitario ou equivalente: 0,30 puntos e Licenciado universitario ou equivalente: 0,5 punto. Ás persoas que posúan a titulación de técnico superior en produción acuícola ou técnico en Operacións de Cultivo Acuícola impartidas no IGAFa, engadiráselles 1 punto.

(A suma de puntos do apartado de formación non superará os 3 puntos.)

- **PADRÓN:** Por estar empadroadado nun concello do ámbito da confraría ou entidade titular do plan de explotación en que está prevista a incorporación, durante un mínimo de 1 ano anterior á convocatoria: **2 puntos**.

II.-MUXIA.- LISTAXE DE PERSOAS EXCLUÍDAS

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	CAUSA DA EXCLUSIÓN
PÉREZ	PÉREZ	DARÍO	* * * 6575 * *	Desistimento por renuncia do 21.07.2023

